

Colexio San Fernando

Baixada á Salgueira, 39 – 40. 36204 – Vigo

986 410 361

<mailto:cpr.sanfernando@edu.xunta.es>

<https://colegiosanfernandovigo.com>

Proxecto Lingüístico de Centro

2025_2026

Índice

No se encontraron elementos de tabla de contenido.

1.- Introducción

Este proxecto está dirixido a todas as etapas do Ensino deste centro e o persoal docente e administrativo. Abrangue diferentes apartados, que coidamos, son esenciais para acadar o noso obxectivo prioritario.

Tendo en conta que os alumnos e alumnas do Colexio San Fernando son na súa maioría castelán falantes e teñen esta lingua como materna, e que unha elevada porcentaxe son fillos e fillas de persoas inmigrantes, na súa meirande parte de Hispanoamérica, atopámonos cunha dobre tarefa:

- A) Atraelos cara á lingua galega dende os niveis máis baixos.
- B) Afondar nos coñecementos da mesma nos niveis máis elevados.

Desexamos atraer e integrar plenamente o noso alumnado na Lingua Galega dun xeito positivo e agradable nas áreas impartidas neste idioma, co fin de estendelo a outros ámbitos sociais.

2.- Equipo de dinamización lingüística.

Dña. M^a Sonia Álvarez Martínez, Profesor Coordinador do Equipo de Dinamización Lingüística e, xa que logo, o encargado, xunto co resto do profesorado, de programar as actividades para potenciar o uso do galego, así como de asistir ás reunións convocadas pola Mesa de Normalización Lingüística.

Para acadar o obxectivo principal exposto no noso proxecto, que consiste en que o alumno/a teña un coñecemento suficiente da Lingua Galega ao rematar a súa educación, trataremos de ir introducindo nunha maneira gradual a aprendizaxe e o emprego da mesma.

Os **integrantes do equipo**, nomeados polo Director, son:

- **Profesores:**

Coordinador: María Sonia Álvarez Martínez

Membros: Ana Mayán Villanueva, M^a Sonia Álvarez Martínez, Jorge Ramos Suárez, Ana Isabel Pichel Sousa e Fátima Castelo Alfonsín.

- **Persoal non docente:** María del Carmen Rodríguez Díaz.

3.- Obxectivos e actividades do proxecto lingüístico de centro.

3.1.- Obxectivos

- A) Que os alumnos/as, ao remataren a Educación Secundaria Obrigatoria, teñan un coñecemento, na escrita e na fala, suficiente dos idiomas traballados no centro. Unha actitude de absoluta normalidade no seu emprego como idioma habitual de comunicación na maioría das circunstancias.
- B) Lograr que o Ensino Obrigatorio garanta unha competencia plena dos idiomas e repercuta de forma efectiva na súa adopción como lingua vehicular por parte das novas xeracións.
- C) Priorizar no ensino das linguas a expresión, a afectividade e a utilidade, reforzando a súa dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos vivos e dándolle un protagonismo central á oralidade.
- D) Asegurar a Galeguización de todos os niveis do Sistema Educativo, tanto no ámbito docente como no das relacións interpersoais entre os distintos membros da Comunidade Educativa.
- E) Fomentar entre a mocidade os valores funcionais e diferenciais da Lingua Galega, Inglesa e francesa.
- F) Garantir que todo o Profesorado teña plena competencia para desenvolver o seu labor docente en galego e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de Planificación Lingüística Escolar, así como ir adquirindo hábitos de comunicación en Lingua Inglesa e francesa dentro do ámbito escolar.

3.2.- Actividades

Durante o presente curso, as actividades en grupo irán enfocadas en potenciar o uso do galego a través das seguintes propostas:

1. Seguir coa recuperación das festas tradicionais de Galicia (Samaín, Magosto e Entroido).

2. Realizar diferentes actividades na aula resaltando a figura da persoa á que lle dediquen as Letras Galegas.
3. Aumentar a dotación de libros en galego para a Biblioteca escolar, para o seu uso nas bibliotecas de aula.
4. Elaboración de material que contribúa á normalización (tarxetas de Nadal, carteis e xornal).
5. Normalizar o uso do galego nas relacións cos pais/nais.
6. Celebración das diferentes conmemoracións propias da lingua inglesa (*Halloween, Thanksgiving, Christmas, Valentine's Day*).

4.- Obxectivos xerais para o fomento da lingua galega.

Buscarase do xeito máis práctico posible levar a cabo os seguintes obxectivos e propostas, procurando a interacción entre o alumnado, profesorado e proxenitores, incluíndo a AFA.

1. Incrementar o uso oral e tamén escrito da lingua galega.
2. Promover a lectura en lingua galega, facendo o maior uso posible da biblioteca de centro.
3. Coñecer os xogos populares das diferentes épocas do ano e a súa relación coa contorna.
4. Implementar a memorización de textos literarios, poemas e cancións populares de xeito lúdico.
5. Utilizar a lingua galega en todas as situacións comunicativas.
6. Potenciar a lingua galega en todas as actividades do centro.
7. Comunicarse en lingua galega con nenos e nenas doutros centros educativos a través das TIC dentro do espazo de emprego curricular das novas tecnoloxías.
8. Que as novas tecnoloxías reflictan a actividade cotiá dos nenos e nenas e que, xa que logo, contribúan a asentar a súa identidade como grupo.
9. Comprender a importancia de manter as tradicións de Galicia.

10. Elaborar materiais diversos relacionados coas festas tradicionais, utilizando a lingua galega.
11. Elaborar redaccións, cómics, murais, cancións, audiolibros, vídeos, *blogs*...
12. Expresar oral e graficamente ideas sobre as festas populares, as súas orixes e repercusións.
13. Participar na páxina web do Colexio con producións referidas a estas festas.
14. Reflexionar sobre temas de actualidade, de respecto polos dereitos humanos e de conservación do medio, usando como lingua oral nos seus debates a lingua galega.
15. Elaborar materiais diversos relacionados coas conmemoracións respectivas en lingua galega.
16. Ler en lingua galega todo tipo de mensaxes.
17. Falar en lingua galega sobre temas relacionados con todas as áreas do currículo.
18. Respetar e valorar o traballo dos nosos antepasados.
19. Coñecer os xogos populares doutras épocas do ano e a súa relación coa contorna.

5.- Liñas de actuación para o fomento da lingua galega.

- O profesorado pode transmitir a idoneidade do bilingüismo para calquera neno mediante reunións de tutoría cos proxenitores, conversas informais ou mediante pautas e observacións.
- Levar a cabo charlas coloquio en lingua galega, que faciliten o uso oral da lingua por parte do alumnado.
- Cada unidade integrárase na zona e na súa realidade con visitas que permitan coñecer a nosa contorna, historia, etnografía...

- A cultura propiamente galega estará presente na hora do conto e nas sesións de lectura no centro.
- Dotar de material bibliográfico que axude a resolver calquera dúbida referente ao galego, así como dicionarios de aula, libros de gramática, material audiovisual e informático en galego, correctores, páxinas web relacionadas coa nosa lingua e a nosa cultura.
- Dispor da normativa ortográfica actualizada.
- Instalar software en galego.
- Empregar unha metodoloxía activa e motivadora.
- Utilizar a lingua galega en actividades non estritamente escolares (nos patios, á saída e entrada do centro...)
- Utilizar o material didáctico motivador axeitado ao nivel do alumnado.
- Para traballar a memoria visual, auditiva e verbal, achegalos á música, ás tradicións galegas, literatura popular, adiviñas, trabalinguas, xogos tradicionais....
- Ter á disposición da comunidade educativa obras sobre o bilingüismo e as súas vantaxes. Especialmente traballado na ESO.
- Traballo de dinamización estará dirixido a eliminar prexuízos e fomentar o uso do galego, tanto na vida do centro como nas aulas.
- Organización e celebración da Semana das Letras Galegas e a Festa de Fin de Curso con murais, representacións, cantigas... elaborados polo alumnado do Centro.
- A elaboración das unidades didácticas, co material complementario correspondente, para o estudo de personaxes ilustres ou de temas relacionados coa lingua e cultura galegas.
- Fomentar o aprecio á tradición e a necesidade de conservala en toda a comunidade educativa facéndoos partícipes tanto da celebración como da súa preparación.
- Festexar de distintas maneiras as festas tradicionais cun obxectivo lúdico e educativo e transmitir o característico de cada festividade.
- Proposta de adquisición de libros, aplicacións informáticas e outros materiais en lingua galega.

6.- Decisións ao respecto da lingua en que se imparten as materias.

EDUCACIÓN INFANTIL

A maioría do noso alumnado, que comprende o segundo ciclo de **Educación Infantil**, de 3 a 6 anos, é castelán falante.

Introducimos a Lingua Galega sobre todo en actividades de expresión oral empregando diferentes recursos: vídeos, cancións, contos, poesías, os días da semana, os números, vocabulario referente ás unidades didácticas.

Tamén facemos uso da nosa lingua na expresión escrita, a través de actividades relacionadas coas festas populares da nosa Comunidade: escribimos contos, cancións, poesías, refráns..., sen esquecermos do fomento da lectura en galego, xa que contamos con distintos libros nas nosas bibliotecas de aula.

Ao longo do curso imos lendo libros en galego en datas sinaladas ou cos proxectos que xorden dos nenos e nenas.

Podemos nomear diferentes festas que celebramos no Colexio ao longo do ano escolar e nas que participamos con moita ledicia: Magosto, Samaín, Nadal, Entroido, Letras Galegas

EDUCACIÓN PRIMARIA

Dado que os nosos alumnos/as son na súa maioría castelán falantes, a lectura en galego e a escritura comeza a introducirse nos primeiros niveis da Educación Primaria. Xa que logo, o que máis traballaremos será a expresión oral, empregando todo aquel material (ben en forma de xogos, vídeos, audicións de contos, cancións, adiviñas e refráns) no que o alumno/a primeiro participe como oínte, e logo oralmente trate de reproducir ou resolveras distintas cuestións que se lle poidan presentar. Desta maneira, ao escoitar un conto, unha canción ou ver unha película, (mediante debuxos, conversas, e incluso algunha representación teatral) o alumnado traballará a comprensión, a

expresión e distintos contidos relacionados con temas de carácter social ou do entorno ambiental.

Nos seguintes cursos da Educación Primaria traballaremos con libros en galego e produciremos textos escritos, así como diálogos, debates... que axuden o alumnado a interiorizar a lingua. Parécenos de gran relevancia ter bibliotecas de aula para que os alumnos semanalmente poidan levar libros nas distintas linguas. Ao remataren a lectura contarán o que leron para favorecer a comprensión lectora.

Durante estes cursos seguiremos co emprego de vídeos, audicións de contos e cancións. Para favorecer a creatividade, os alumnos/as farán composicións de contos que logo se encadernarán para que cada un teña o seu libriño que será exposto no Día do Libro e o Día das Letras Galegas. Pensamos que con isto lograrase unha motivación cara á expresión oral e mais a lectura.

Na **Educación Primaria**, impártense en galego as seguintes **áreas** :

- A) LINGUA GALEGA.
- B) CIENCIAS SOCIAIS
- C) CIENCIAS DA NATUREZA
- D) PROXECTO COMPETENCIAL

Nas demais áreas, a excepción de Lingua Inglesa, Lingua Castelá e Educación Artística, dáselle liberdade ao alumnado para expresarse en ambas linguas.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Para cumprir o obxectivo de que os alumnos/as dominen o uso do galego na Educación Secundaria Obrigatoria, ademais de empregar os libros de texto usaremos distintos recursos didácticos, ben sexan películas de vídeo, música, lecturas obrigatorias complementarias, prensa, traballos específicos coincidentes con datas sinaladas (Nadal, Entroido, Magosto, Letras Galegas, Biografías...).

Fomentarase a lectura e a escritura en galego, de xeito que o alumnado acade unha competencia que lle permita comunicarse normalmente nesta lingua cos seus compañeiros e profesores.

En **Educación Secundaria** impártense en galego as seguintes **áreas** :

- A) LINGUA GALEGA.
- B) XEOGRAFÍA E HISTORIA.
- C) BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.
- D) EDUCACIÓN EN VALORES
- E) PROXECTO COMPETENCIAL
- F) EDUCACIÓN FÍSICA.
- G) MÚSICA.

En castelán impartiranse:

- A) MATEMÁTICAS
- B) TECNOLOXÍAS
- C) PROXECTO COMPETENCIAL (2º ESO)

Nas demais áreas, a excepción de Lingua Española, Lingua Inglesa e Lingua Francesa, nas que se fará uso obrigatorio destas linguas, repartirase equitativamente o uso do castelán e do galego.

7.- Medidas adoptadas para o alumnado que non teña suficiente dominio das linguas en educación primaria.

Como medidas de apoio e reforzo para fomentar o dominio das dúas linguas oficiais propóñense as seguintes medidas para que o alumnado doutras comunidades autónomas ou doutros países estranxeiros con nulo ou insuficiente coñecemento da lingua galega adquiran unhas competencias lingüísticas mínimas.

O departamento de Orientación xunto co claustro de profesores tomará as seguintes medidas:

- Avaliación inicial para valorar o nivel de coñecementos das linguas oficiais.
- Entregar ou adaptar segundo o nivel material axeitado á situación sociolingüística e escolar do alumno.
- Lectura de textos seleccionados que faciliten a familiarización coas estruturas básicas, coa semántica así como a comprensión lectora en lingua galega.

No caso de que este alumnado teña que recibir materias en lingua galega, o Departamento de Orientación, coa colaboración do Departamento de Audición e Linguaxe, adoptará as medidas encamiñadas a que poidan aproveitar as ensinanzas que se imparten dun xeito máis eficaz.

8.- Concreción de medidas tomadas para impartir o currículo integrado das linguas en educación primaria.

- Entrega de material apropiado á situación lingüística e escolar do alumnado.
- Entrega de bibliografía complementaria apropiada segundo a idade e curso, para facilitarlle o acceso aos contidos establecidos na programación.
- Profesorado prestará especial atención ás dúbidas de comprensión idiomática que presente o alumno, tanto no referido ás explicacións do persoal docente como as que resultan da lectura de textos e realización de exercicios ou actividades.

- Favorecer a expresión oral e a escrita, a interiorización de expresións cotiás así como mellorar a valoración do uso do galego a través de actividades realizadas co Traballo Cooperativo.

9.- Medidas adoptadas para o alumnado que non teña suficiente dominio das linguas en educación secundaria.

Tendo en conta que nestas idades é moito máis difícil interiorizar unha lingua nova, pretendemos familiarizalos con esta a través de medidas e actividades axeitadas aos seus intereses, de forma que a vaian integrando dun xeito natural na súa vida escolar.

- En primeiro lugar precisamos facer unha avaliación inicial para valorar o nivel de coñecementos das linguas oficiais.
- Fomentar a participación na nova lingua a través de lecturas na propia aula de textos axeitados de dificultade crecente que faciliten a familiarización coas estruturas básicas, coa semántica así como a comprensión lectora en lingua galega.
- Promover a comunicación oral de forma sistemática na aula entre alumnos e profesores nas dúas linguas oficiais.
- Entregar ou adaptar segundo o nivel material axeitado á situación sociolingüística e escolar do alumno.

Nas materias que teñan que ser recibidas en lingua galega adoptaranse as medidas encamiñadas a que poidan aproveitar as ensinanzas que se imparten, dun xeito máis eficaz.

10.- Centro plurilingüe.

Durante o curso 2012-2013, o noso colexio comezou unha nova andaina como Centro Plurilingüe, o que supón un paso máis cara a unha educación vangardista. Nunha sociedade como a actual é imprescindible dotar os alumnos de amplos coñecementos e recursos suficientes, de maneira que teñan a posibilidade de competir nun mundo en que os idiomas están en auxe. Para isto, o equipo directivo e o claustro traballaron a fondo para proporcionar actividades educativas ao noso alumnado nas que a presenza de varios idiomas está ao mesmo nivel de importancia, logrando deste xeito que superen o desafío que significa comunicarse noutras linguas.

Todo o profesorado participou afervoradamente neste proxecto, sendo os profesores de Inglés, Francés e Lingua Galega os encargados de implicar a todo o alumnado do centro no uso destas linguas nas actividades programadas para o outono como *Halloween*, Nadal, Día da Paz, Día de San Valentín, Entroido, *Saint Patrick*, Día das Letras, Semana da prensa ou o Festival de final de curso.

No presente curso, en todos os niveis de Educación Primaria aplicamos as medidas axeitadas para garantir o cumprimento do *Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* (DOG do 25 de Maio de 2010).

11.- Concreción de medidas tendentes impartir o currículo integrado das linguas.

A metodoloxía utilizada baséase na comprensión dos contidos transmitidos a través da Lingua Inglesa, Lingua Galega e Castelá. Para integrar contidos e linguas empregamos múltiples recursos e materias, especialmente as TIC. Respectando os contidos mínimos de área marcados pola Administración tentamos que a progresión lingüística do alumnado estea determinada polos obxectivos, contidos e as actividades propostas na Lingua Inglesa, buscando nexos de unión coas dúas linguas da nosa comunidade.

O traballo cooperativo favorece a interacción entre o alumnado e o profesorado, este ano favorecerase a cooperación necesaria no desenvolvemento do alumnado.

Poténciase especialmente o uso do Inglés fóra da aula a través de actividades culturais complementarias.

Primordialmente, valorarase que o alumno adquira unhas competencias lingüísticas (gramatical, fonética e funcional) axeitadas ao nivel.

No tocante ao desenvolvemento das capacidades que se marcan nos obxectivos da área, o grao de realización das tarefas propostas pode indicar a medida en que se cumpre un determinado criterio de avaliación, o que reforzará o papel formativo da mesma.

Obxectivos:

1. Comprender a idea xeral e as informacións específicas máis relevantes de textos orais.
2. Recoñecer a idea xeral e extraer información específica de textos escritos adecuados á idade, con apoio de elementos textuais e non textuais.
3. Usar de forma guiada as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar información, producir mensaxes a partir de modelos e para establecer relacións persoais, mostrando interese polo seu uso.
4. Identificar algúns elementos culturais ou xeográficos propios dos países e culturas onde se fala a lingua estranxeira e mostrar interese por coñecelos.
5. Mellorar as competencias lingüísticas dos ACNEE na área de inglés, proporcionándolles vocabulario e fluidez lingüística apropiadas para tal aprendizaxe, e integrando este alumnado plenamente nesta área.

Considérase que é enriquecedor ampliar o vocabulario nunha lingua estranxeira, xa que se van familiarizando con este novo idioma. Os contidos, traballados nesta materia, son os máis achegados á contorna do alumnado, polo que son máis doados de asimilar. Estes aspectos contribúen a que os resultados acadados, en canto ó nivel de consecución dos obxectivos, sexan maioritariamente aceptables. No presente curso, a **distribución horaria** por áreas e idiomas é a seguinte:

EDUCACIÓN PRIMARIA

IDIOMA	MATERIA
GALEGO	Lingua Galega e Literatura
	Ciencias Sociais
	Valores / Proxecto Competencial
	Ciencias da Natureza
CASTELÁN	Lingua Castelá e Literatura
	Matemáticas
	Educación Física
INGLÉS	Lingua Estranxeira – Inglés
	EPV
	MÚSICA

Áreas	Cursos					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua galega	4	4	4	4	4	4
Lingua castelá	4	4	4	4	4	4
Matemáticas	5	5	4	4	4	4
Ciencias sociais	2	3	2	3	2	2
Ciencias naturais	3	2	3	2	3	2
Lingua inglesa	2	2	3	3	3	3
Educación artística/EPVA / Música	2	2	2	2	2	2
Educación física	2	2	2	2	2	2
Proxecto comp.	1	2	1	1	1	1
Ed. Valores						1

12.- Concreción de programas específicos de atención ao alumnado con necesidades educativas de apoio.

Incorporaranse nas aulas recunchos de inglés onde permanezan á vista libros, revistas, murais, iconas... e recursos en xeral cos que axudar a construír as súas aprendizaxes. Isto, a súa vez, permite ambientar a clase e integrar aínda máis a lingua estranxeira no día a día do grupo.

Dotarase a biblioteca do centro e de aula de máis fondos bibliográficos en lingua estranxeira.

Teranse en conta aqueles recursos xerais que favorezan os distintos estilos de aprendizaxe.

Crearase un banco de actividades e materiais por parte dos profesores.

Contando o centro con Taboleiro Dixital e Internet nas aulas, as tecnoloxías da información e comunicación preséntanse como unha ferramenta facilitadora para o profesorado á vez que motivadora para o alumnado, que recibe os contidos de forma máis variada. Ademais poranse en marcha actividades *online*, vídeos...

As TIC facilitan o acceso cualitativo a LE no centro pero tamén nos fogares, factor que non hai que esquecer para a implicación de todos os sectores educativos.

O uso de actividades específicas orientadas a afianzar o vocabulario de nova utilización será tamén de moita utilidade.

Fomentar a interacción entre as linguas utilizadas na aula que permitan crear asociacións de cara a unha mellor adquisición de vocabulario.

13.- Proxecto de plurilingüismo.

1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

O presente proxecto para a inclusión na rede de Centros plurilingües pretende expoñer o noso interese polo mesmo. Preténdese, con el, a formación plurilingüe do alumnado intentando valorar e desenvolver os repertorios lingüísticos dende as primeiras aprendizaxes ao longo de toda a súa vida académica.

Podemos dicir que as FINALIDADES que pretendemos son:

1. Mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira nos seus aspectos comunicativos e lingüísticos.
2. Intensificar o desenvolvemento das competencias e destrezas contempladas no Currículo.
3. Fomentar actitudes de tolerancia.
4. Reforzar o sentido de Identidade Europea.

OBXECTIVOS XERAIS DO PROXECTO DE CENTROS PLURILINGÜES

O noso Proxecto plurilingüe ten entre os seus obxectivos desenvolver nos alumnos, ao longo da súa escolaridade, o coñecemento e uso adecuado tanto das linguas castelá e galega como da lingua inglesa, nas súas manifestacións oral e escrita.

Pretendemos que os alumnos coñezan e saiban usar toda a riqueza e as posibilidades expresivas das tres linguas. Os alumnos, en relación coa lingua inglesa, deberán adquirir a competencia comunicativa necesaria para desenvolverse en situacións cotiás.

Nas clases de inglés e no resto das áreas que se impartan en inglés, a lingua de comunicación entre alumnos e profesores será única e exclusivamente a lingua inglesa. O inglés será a lingua de comunicación da aula en EPVA e Inglés.

Ademais da lingua inglesa, a materia que pretendemos que se impartan na súa totalidade en inglés será Plástica.

No primeiro curso de Primaria os alumnos/as terán un profesor que impartirá as materias en lingua inglesa e outro que impartiría as materias en lingua castelá e galega. Os dous profesores que imparten no mesmo nivel actuarán coordinados.

OBXECTIVOS A ACADAR NA ÁREA DE INGLÉS NO CURRÍCULO COMO CENTRO PLURILINGÜE NA EDUCACIÓN PRIMARIA

- Desenvolver o interese dos alumnos pola aprendizaxe do inglés como terceira lingua.

- Comprender e utilizar expresións cotiás e frases moi básicas dirixidas á satisfacción das necesidades de carácter concreto.
- Saber presentarse e preguntar aos demais.
- Formular e contestar preguntas sobre datos.
- Interactuar de forma sinxela.
- Comprender e utilizar substantivos sinxelos, números, cores relacionados coa vida persoal e cotiá do alumno.
- Responder ás peticións e instrucións.
- Participar de forma progresiva, na conversación.
- Utilizar os tempos verbais básicos.
- Utilizar as estruturas gramaticais propias do primeiro ciclo.
- Traballar comprensivamente textos axeitados ao nivel e aos intereses dos alumnos con apoio visual.
- Traballar textos escritos sinxelos, acordes coa súa idade e nivel de expresión.
- Iniciar aos alumnos no uso das competencias dixitais como ferramentas de aprendizaxe e comunicación.

CONTIDOS XERAIS PARA EDUCACIÓN PRIMARIA

- Técnicas plásticas.
- O eixe de simetría.
- Utilización de esquemas como referencia.
- Observación guiada de imaxes e obxectos da contorna.
- Práctica do trazado de liñas.
- As liñas, as formas e as cores.
- Fondos de cor.
- Desenvolvemento da capacidade de observación e percepción visual.
- As formas xeométricas.
- A cuadrícula como referencia para a elaboración de imaxes.
- Observación guiada de obras de arte.
- Os procesos da creación plástica.

- As texturas visuais.
- Os materiais do entorno e as súas posibilidades plásticas.
- Influencia dos fondos de cor nunha composición plástica.
- Observación e apreciación da contorna natural urbana con criterios estéticos.
- Elaboración de composicións tridimensionais a partir do plano.
- Os procesos de elaboración dunha composición plástica tridimensional.
- As técnicas plásticas: debuxo, recorte, colado, pintura, pregado, gravado, modelado e construción.
- O gravado sobre plastilina.
- Elaboración de composicións tridimensionais a partir do plano.
- Utilización de diferentes recursos plásticos para construír obxectos con partes móbiles.
- A técnica do estampado.

A ORGANIZACIÓN DO PROXECTO

O noso Proxecto contempla impartir a materia Educación Artística en todos os cursos de Educación Primaria. Esta implantación prevíuse de maneira progresiva, comezando no curso 2012/2013 o seu desenvolvemento co grupo de 1º de Educación Primaria na materia de Educación Plástica.

A implantación progresiva rematou no curso 2017/18, dende dito curso todos os alumnos/as de Educación Primaria están dentro do Proxecto.

COORDINACIÓN

Ao longo do curso, os profesores responsables do Proxecto, xunto cos titores dos cursos que participan no proxecto, reuniranse mensualmente para as seguintes tarefas:

- ♦ Planificar o traballo: obxectivos, contidos e temporalización das unidades
- ♦ Determinar criterios de avaliación comúns
- ♦ Avaliar a marcha do proxecto e tomar medidas para superar as dificultades

- ♦ Analizar o rendemento e resposta dos alumnos participantes
- ♦ Planificar e desenvolver recursos metodolóxicos e materiais para impartir as anteditas materias
- ♦ Coordinar os aspectos organizativos
- ♦ Avaliar os logros acadados polo alumnado

METODOLOXÍA

- Estará baseada na comprensión de contidos que son transmitidos a través da lingua. Pretendemos integrar contidos e linguas a través de múltiples recursos e materiais, especialmente as TIC, respectando os contidos mínimos de área marcados pola Administración. Tamén haberá que ter en conta que a progresión lingüística do alumnado determinará os obxectivos, os contidos e as actividades propostas na lingua adicional.
- Planificaremos actividades de reforzo e/ou de ampliación para atender a diversidade do alumnado.
- Potenciaremos as actividades en Inglés dentro e fóra do centro, nas actividades culturais complementarias sempre e cando sexan *online*.

AVALIACIÓN

Ao finalizar o curso realizarase unha revisión do Proxecto, e as súas conclusións incluíranse na Memoria Final de Curso nas que se analizarán:

